



Probas específicas de acceso aos estudos de grao nas ensinanzas artísticas superiores de música

Sumario

1. Guía orientativa.....	1
2. Conservatorios Superiores de Música de titularidade da Xunta de Galicia.....	3
3. Marco normativo.....	4
4. Especificacións sobre as probas na lexislación vixente.....	4
4.1. Decreto 163/2015, do 29 de outubro.....	4
4.2. Orde do 21 de novembro de 2016.....	5
4.3. Decreto 171/2016, do 24 de novembro.....	6

1. Guía orientativa

ASUNTO	DESCRIPCIÓN	NORMA
Requisitos de acceso ás ensinanzas superiores de música	<ul style="list-style-type: none">Estar en posesión do título de bacharelato, ou dun título de ensinanzas artísticas superiores, título universitario ou título de técnico superior, ou dun título declarado equivalente ou homologado a ditos títulos, ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.Ter superado a proba específica de acceso da disciplina correspondente.	Artigo 7 da Lei 1/2024, do 7 de xuño (BOE núm. 139, do 8 de xuño)
	<ul style="list-style-type: none">Só as persoas menores de idade a partir de 16 anos que desexen acceder aos estudos de grao nas ensinanzas artísticas superiores de Música e que non cumpran cos requisitos de titulación previos poderán facer unha proba, na que acrediten que acadaron o desenvolvemento das competencias clave previsto ao finalizar o bacharelato conforme o previsto no capítulo IV do título I da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.	
Convocatoria da proba	A consellería competente convocará unha proba específica anual de acceso para cada especialidade e itinerario.	Artigo 5.3 do Decreto 163/2015, do 29 de outubro (DOG núm. 218, do 16 de novembro); artigo 4.1. da Orde do 21 de novembro (DOG núm. 230, do 1 de decembro)
Duración da validez da proba	A superación da proba faculta só para matricularse no curso académico para a que foi convocada.	Artigo 5.5. do Decreto 163/2015, do 29 de outubro (DOG núm. 218, do 16 de novembro); artigo 4.2, da Orde do 21 de novembro (DOG núm. 230, do 1 de decembro)



Valor da proba	A proba específica terá un valor do 60% do total da cualificación da proba de acceso. O 40% restante corresponderá á media do expediente académico do título profesional de música da persoa aspirante.	Artigo 5.6. do Decreto 163/2015, do 29 de outubro (DOG núm. 218, do 16 de novembro); artigo 4.3, da Orde do 21 de novembro (DOG núm. 230, do 1 de decembro)
Lugares de realización das probas de acceso	Conservatorio Superior de Música da Coruña Conservatorio Superior de Música de Vigo	
TRAZOS DAS PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO		
Especialidade de Composición	<ul style="list-style-type: none"> • Parte A: realización dun traballo harmónico-contrapuntístico. 	Artigo 5.1. da Orde do 21 de novembro de 2016(DOG núm. 230, do 1 de decembro)
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte B: presentación e defensa oral de obras e traballos realizados pola persoa candidata. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte C: interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente pola persoa candidata. 	
Especialidade de Dirección	<ul style="list-style-type: none"> • Parte A: interpretación dun programa de ata vinte minutos, no instrumento principal ou voz (no caso do canto) integrado por obras dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos. 	Artigo 5.2. da Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG núm. 230, do 1 de decembro)
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte B: análise dunha obra orquestral ou coral por proposta do tribunal. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte C: lectura á vista no piano dun fragmento musical escollido pola persoa aspirante de entre dous propostos polo tribunal. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte D: realización dun ditado a catro voces, de entre oito e doce compases de duración. 	
Especialidade de Interpretación (agás itinerario de Jazz)	<ul style="list-style-type: none"> • Parte A: na interpretación dun programa; será requisito indispensable que a persoa aspirante e improvise en cada un dos temas. O repertorio para interpretar na parte A da proba de acceso constará de cinco temas enmarcados dentro do repertorio estándar de <i>jazz</i>, amosando entre eles variedade formal, estilística e na elección dos <i>tempi</i> de execución. 	Artigo 5.3. da Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG núm. 230, do 1 de decembro)
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte B: análise dunha obra ou fragmento musical por proposta do tribunal. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte C: lectura á vista. 	
Especialidade de Interpretación (itinerario de Jazz)	<ul style="list-style-type: none"> • Parte A: interpretación dun programa ata trinta minutos, integrado por obras do repertorio <i>jazzístico</i>. Será requisito indispensable que a persoa aspirante improvise en cada unha delas. 	Artigo 5.4. da Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG núm. 230, do 1 de decembro)
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte B: análise dunha obra ou fragmento musical por proposta do tribunal, engadindo contidos propios da análise de <i>jazz</i>. 	

	<ul style="list-style-type: none"> • Parte C: lectura e improvisación á vista dunha obra ou fragmento de <i>jazz</i>. 	
Especialidade de Musicoloxía	<ul style="list-style-type: none"> • Parte A: análise histórico-estilística e defensa dunha obra ou fragmento por proposta do tribunal. 	Artigo 5.5. da Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG núm. 230, do 1 de decembro)
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte B: realización dun comentario de texto ou traballo escrito por proposta do tribunal. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte C: interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente pola persoa candidata. 	
Especialidade de Pedagogía (Itinerario Xeral e da Linguaxe Musical)	<ul style="list-style-type: none"> • Parte A: interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente pola persoa candidata. A elección do instrumento principal estará supeditada á oferta dos itinerarios de cada centro. 	Artigo 5.6. da Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG núm. 230, do 1 de decembro)
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte B: proba vocal individual. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte C: composición dunha peza breve, de carácter didáctico, sobre unha melodía ou un texto proposto polo tribunal. A persoa candidata deberá realizar unha defensa didáctica da súa aplicación. 	
Especialidade de Produción e Xestión	<ul style="list-style-type: none"> • Parte A: desenvolvemento por escrito dunha proposta de proxecto, a partir dun suposto proposto polo tribunal. 	Artigo 5.7. da Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG núm. 230, do 1 de decembro)
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte B: desenvolvemento e posterior defensa oral dun tema vinculado a unha cuestión relacionada coa xestión de políticas culturais do contorno musical. Poderase escoller un tema de entre dous propostos polo tribunal. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte C: análise formal e estética dunha obra proposta polo tribunal. 	
	<ul style="list-style-type: none"> • Parte D: interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente pola persoa candidata. 	

2. Conservatorios Superiores de Música de titularidade da Xunta de Galicia

- [Conservatorio Superior de Música da Coruña](#): información sobre as [probos de acceso](#).
- [Conservatorio Superior de Música de Vigo](#): información sobre as [probos de acceso](#).

Nas páxinas web referidas atópanse modelos de probas, así como algunhas indicacións que poden resultar de interese para as persoas aspirantes.

3. Marco normativo

A proba específica de acceso ás ensinanzas artísticas superiores segue o disposto en:

- Artigo 12 do [Real decreto 1614/2009](#), de 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE núm. 259, de 27 de outubro).
- Artigo 5 do [Real Decreto 631/2010, de 14 de maio](#), polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Música establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE núm. 137, de 5 de xuño).
- [Real decreto 21/2015, de 23 de xaneiro](#), polo que se modifica o Real decreto 1614/2009, de 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Artigo 5 do [Decreto 163/2015, do 29 de outubro](#), polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 218, do 16 de novembro).
- Artigos 4 e 5 da [Orde do 21 de novembro de 2016](#) pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 230, do 1 de decembro),
- Artigo 5 do [Decreto 171/2016, do 24 de novembro](#), polo que se establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios (DOG núm. 235, do 12 de decembro).
- Artigo 7 da [Lei 1/2024, de 7 de xuño](#), pola que se regulan as ensinanzas artísticas superiores e se establece a organización e equivalencias das ensinanzas artísticas profesionais (BOE núm. 139, do 8 de xuño).

4. Especificacións sobre as probas na lexislación vixente

4.1. [Decreto 163/2015, do 29 de outubro](#)

Artigo 5. Acceso e proba específica

1. Para o acceso ás ensinanzas oficiais conducentes ao título superior de Música, requirirase cumprir os requisitos establecidos no artigo 54.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
2. Para os/as maiores de dezaseis anos de idade que non cumpran os requisitos establecidos no citado artigo 54.2.a), a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, regulará, convocará e organizará unha proba anual que acredite que o/a aspirante posúe os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas.
3. A proba específica de acceso a estes estudos levarase a cabo para cada especialidade e terá como finalidade valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. No caso da especialidade de Interpretación, a proba realizarase en función da materia correspondente ao seu instrumento principal.
4. A consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, convocará, organizará, desenvolverá e avaliará, con carácter anual, unha proba específica de acceso a estes estudos.
5. A superación da proba a que fai referencia o punto anterior faculta, unicamente, para matricularse no curso académico para o cal fose convocada.



6. De acordo co establecido no artigo 5.7 do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, a nota media do expediente dos estudos profesionais constituirá o 40 % da nota da proba no caso dos alumnos e alumnas que opten a ela e estean en posesión do título profesional de Música

4.2. Orde do 21 de novembro de 2016

Artigo 4. Proba específica de acceso

1. A proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Música levarase a cabo para cada especialidade e itinerario, e terá como finalidade valorar a madureza, os coñecementos, e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.
2. A superación da proba específica de acceso ás ensinanzas superiores de Música faculta, unicamente, para matricularse no ano académico e na especialidade para o que a proba específica fose convocada e realizada, en calquera dos centros do Estado en que se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas.
3. A proba de acceso específica suporá o 60 % do total da cualificación da proba de acceso aos estudos superiores de Música. O 40 % restante corresponderá á media do expediente académico do título profesional de Música do/da aspirante.

Artigo 5. Características da proba específica de acceso

1. Especialidade de Composición. A proba consistirá:
 - Parte A: na realización dun traballo harmónico-contrapuntístico.
 - Parte B: na presentación e defensa oral de obras e traballos realizados polo/a candidato/a.
 - Parte C: na interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.
2. Especialidade de Dirección. A proba consistirá:
 - Parte A: na interpretación dun programa de ata vinte minutos, no instrumento principal ou voz (no caso do canto) integrado por obras dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos.
 - Parte B: na análise dunha obra orquestral ou coral por proposta do tribunal.
 - Parte C: na lectura á vista no piano dun fragmento musical escollido polo/a aspirante de entre dous propostos polo tribunal.
 - Parte D: realización dun ditado a catro voces, de entre oito e doce compases de duración.
3. Especialidade de Interpretación (agás itinerario de Jazz). A proba consistirá:
 - Parte A: na interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos.
 - Parte B: na análise dunha obra ou fragmento musical por proposta do tribunal.
 - Parte C: na lectura á vista.
4. Especialidade de Interpretación, itinerario de Jazz. A proba consistirá:
 - Parte A: na interpretación dun programa ata trinta minutos, integrado por obras do repertorio jazzístico. Será requisito indispensable que o/a aspirante improvise en cada unha delas.
 - Parte B: na análise dunha obra ou fragmento musical por proposta do tribunal, engadindo contidos propios da análise de jazz.
 - Parte C: na lectura e improvisación á vista dunha obra ou fragmento de jazz.
5. Especialidade de Musicoloxía. A proba consistirá:
 - Parte A: na análise histórico-estilística e defensa dunha obra ou fragmento por proposta do tribunal.
 - Parte B: na realización dun comentario de texto ou traballo escrito por proposta do tribunal.
 - Parte C: na interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.
6. Especialidade de Pedagogía. Itinerario Xeral e da Linguaxe Musical. A proba consistirá en:
 - Parte A: na interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a



candidato/a. A elección do instrumento principal estará supeditada á oferta dos itinerarios de cada centro.

- Parte B: nunha proba vocal individual.
- Parte C: na composición dunha peza breve, de carácter didáctico, sobre unha melodía ou un texto proposto polo tribunal. O/a aspirante deberá realizar unha defensa didáctica da súa aplicación.

7. Especialidade de Produción e Xestión. A proba consistirá en:

- Parte A: no desenvolvemento por escrito dunha proposta de proxecto, a partir dun suposto proposto polo tribunal.
- Parte B: no desenvolvemento e posterior defensa oral dun tema vinculado a unha cuestión relacionada coa xestión de políticas culturais do contorno musical. Poderase escoller un tema de entre dous propostos polo tribunal.
- Parte C: análise formal e estética dunha obra proposta polo tribunal.
- Parte D: na interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.

4.3. Decreto 171/2016, do 24 de novembro

Artigo 5. Acceso e proba específica

1. Para o acceso ás ensinanzas oficiais conducentes ao título superior de Música, requirirase cumprir os requisitos establecidos no artigo 54.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Para os/as maiores de dezaseis anos de idade que non cumpran os requisitos establecidos no citado artigo 54.2.a), a consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, regulará, convocará e organizará unha proba anual que acredite que o/a aspirante posúe os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas.

3. A proba específica de acceso a estes estudos levarase a cabo para cada especialidade e terá como finalidade valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. No caso da especialidade de Interpretación, a proba realizarase en función da materia correspondente ao seu instrumento principal.

4. A consellería competente en materia de educación, a través da dirección xeral correspondente, convocará, organizará, desenvolverá e avaliará, con carácter anual, unha proba específica de acceso a estes estudos.

5. A superación da proba a que fai referencia o punto anterior faculta, unicamente, para matricularse no curso académico para o cal fose convocada.

6. De acordo co establecido no artigo 5.7 do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, a nota media do expediente dos estudos profesionais constituirá o 40 % da nota da proba no caso dos alumnos e alumnas que opten a ela e estean en posesión do título profesional de Música.